

30 ANOS JÁ

Edições Eixo Atlântico



EIXO ATLÁNTICO
DO NOROESTE PENINSULAR



30 ANOS JÁ

EDICIÓN: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

DIRECTOR: Xoán Vázquez Mao

CARICATURAS: Adão Silva

PORTADA E CONTRAPORTADA: Norberto Fernández

MAQUETACIÓN: María Llauger

COORDINACIÓN DA PUBLICACIÓN: Emma Ben Álvarez e Chus Torres

DEPÓSITO LEGAL: VG 483-2019

ISBN:

Versión impresa: 978-989-54441-9-9

Versión digital: 978-989-54575-0-2

Esta publicación foi cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER a través do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. As opinións son responsabilidade exclusiva do autor que as emite.

Esta publicação é cofinanciada pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional FEDER através do Programa Interreg V-A Espanha-Portugal (POCTEP) 2014-2020. As opiniões são de exclusiva responsabilidade do autor que as emite.

Esta publicación está cofinanciada por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional FEDER a través del programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. Las opiniones son responsabilidad exclusiva del autor que las emite.

ÍNDICE

Hai trinta anos...a caída do muro (por Julio Prada Rodríguez).....	5
- Andoni Aldekoa ‘El muro, por fin, ha caído’.....	49
- Maria Lúcia Amaral ‘Trinta anos’.....	55
- Luís Braga da Cruz ‘A Europa depois da queda do Muro de Berlín. A política de coesão europeia depois da adesão conjunta de Portugal e Espanha’.....	59
- Manuel Campo Vidal y Anabel Campo Vidal ‘Viaje al corazón de Europa’.....	63
- Aníbal Cavaco Silva ‘A Europa que começou em Berlín’.....	69
- María Cerqueira ‘Construção da Europa: um desafio permanente’.....	74
- Arlindo Cunha ‘A Europa e o mundo após o colapso da cortina de ferro. Avançar em bloco e, se necessário, em geometria variável’.....	78
- Luis Manuel García Mañá ‘As fronteiras europeas despois da caída do muro de Berlín’.....	86
- Fernando González Laxe ‘Efectos de la caída del muro de Berlín’.....	89
- Eneko Landaburu ‘Europa, te necesitamos!’.....	93
- Carmen López ‘Ciudadanía y fraternidad’.....	98
- José Luis Méndez Romeu ‘Luces y sombras de la UE. 30 años después de la guerra fría’.....	101
- Emily O’Reilly ‘A UE pode continuar a inspirar as gerações vindouras’.....	105
- Jose Palma Andrés ‘Sem união, não há futuro para os povos da Europa’.....	110
- Ana María Pastor Julián ‘El sueño de la libertad’.....	117
- Pedro Puy ‘Tempo avariado’.....	121
- Paulo Ramalho ‘União Europeia: um caso de sucesso, mas que enfrenta desafios’....	126
- Xulio Ríos ‘Europa debe ser Europa’.....	132
- Miguel Santalices ‘Reforzar, desde a base, a lexitimidade europea’.....	137
- María Val ‘El debate sobre hacia dónde se dirige Europa sigue pendiente’.....	140
- Xoán Vázquez Mao ‘Por qué le llaman caminos a los surcos del azar’ (Fragmento de un poema de Antonio Machado).....	144
- Abel Veiga Copo ‘Aquel muro, aquella Europa, esta realidad’.....	148



Alfredo García
Presidente do Eixo Atlântico



Luísa Salgueiro
Vicepresidenta do Eixo Atlântico

No próximo dia 9 de novembro cumpre-se o 30º aniversário da queda do muro de Berlim, um marco que alterou o curso da história e que modificou o trajeto do processo de construção europeu. Muitas coisas aconteceram desde então, como lhe recordará o livro que tem nas suas mãos.

Para contrariar aquele sentimento de missão cumprida existem vários motivos que nos remetem para um tempo que julgávamos já ultrapassado. Tal como no século passado, também no início deste vemos com preocupação a ascensão dos populismos e dos autoritarismos, motivo pelo qual os antigos valores de liberdade, igualdade e solidariedade, que nunca saíram de moda, voltam a adquirir mais importância do que nunca.

Este aniversário é um feliz pretexto para recordar as marcas indeléveis da Europa do pós-guerra, a importância da queda do muro de Berlim, a guerra fria e o sentimento de esperança que esta Europa despertou – e continua a despertar - em todos aqueles que acenaram à liberdade por entre as ruínas. Por isso, quisemos lembrar aquela que consideramos ser uma data chave na história moderna da Europa e quisemos fazê-lo da forma que acreditamos ser a melhor, fomentando o conhecimento, a reflexão e o debate plural em liberdade.

Mas esta breve introdução não pretender ser um artigo de análise política, por isso, deixamos que o leia e disfrute das magníficas contribuições que um conjunto de personalidades relevantes escreveram atendendo amavelmente ao nosso convite, e às quais desde já lhes queremos agradecer.



Alfredo García
Presidente do Eixo Atlántico



Luísa Salgueiro
Vicepresidenta do Eixo Atlántico

O próximo día 9 de novembro cómprese o 30º aniversario da caída do muro de Berlín, un marco que alterou o curso da historia e que modificou o traxecto do proceso de construción europeo. Moitas cousas aconteceron desde entón, como lle recordará o libro que ten nas súas mans.

Fronte aquel sentimento de misión cumprida existen varios motivos que nos lembran un tempo que xulgabamos xa superado. Tal como o século pasado, tamén no inicio deste vemos con preocupación o ascenso dos populismos e dos autoritarismos, motivo polo cal os antigos valores de liberdade, igualdade e solidariedade, que nunca pasaron de moda, volven a adquirir máis importancia que nunca.

Este aniversario é un feliz pretexto para recordar as marcas indelébeis da Europa da pos-guerra, a importancia da caída do muro de Berlín, a guerra fría e o sentimento de esperanza que esta Europa espertou e continúa a espertar - en todos aqueles que acenaron á liberdade por entre as ruínas. Por iso, quixemos lembrar aquela que consideramos ser unha data clave na historia moderna de Europa e quixemos facelo da forma que cremos ser a mellor, fomentando o coñecemento, a reflexión e o debate plural en liberdade.

Mais esta breve introdución non pretender ser un artigo de análise política, por iso, deixamos que o lea e desfrute das magnificas contribucións, que un conxunto de personalidades relevantes escribiron atendendo amabelmente ao noso convite, e ás cales desde xa lles queremos agradecer.



Demolição de uma parte do Muro. Licença: CC-BY-SA-4.0.

HAI TRINTA ANOS... A CAÍDA DO MURO

por

Julio Prada Rodríguez

Profesor titular de Historia Contemporánea.
Universidade de Vigo



*Queridos camaradas,
Decidme si es verdad.
No hay muro que no caiga, que no caiga,
Cuando escasea el pan.
Queridos camaradas,
¿Por qué surgió la deslealtad, popular?
¿Qué fue de nuestro credo?
¿Quién nos guiará?
¿Quién nos guiará?*

Gabinete Caligari, «Queridos camaradas»
(Cien mil vueltas, EMI, 1991).

En **1991**, dous anos despois da caída do muro de Berlín e en pleno proceso de desintegración da Unión Soviética, *Gabinete Caligari*, un dos grupos icónicos do rock español dos anos da *movida*, publicaba o seu sexto álbum de estudio, que incluía entre os seus dez temas o seu *pegadizo* «Queridos camaradas». No vídeo promocional aparecían mesturadas, ondeando ao vento, as bandeiras coa aguia de San Xoán franquista e a vermella coa fouce e o martelo marelos, seguidas dunha sucesión de imaxes bélicas e dos ditadores fascistas e comunistas alternando coas do grupo tocando nunha paisaxe nevada, mentres resoaban en *off* as verbas de **Boris Yeltsin** subido a un tanque, no mes de agosto, durante o fracasado **intento de golpe de Estado** que daría á puntilla ao imperio soviético.



Tanques T80D nas inmediacións do Kremlin durante o golpe de estado de 1991. Licenza: public domain.



Boris Yeltsin acena a bandeira tricolor da Rúsia após a tentativa de Golpe de Estado. 22 de agosto de 1991.

Autor: Kremlin.ru. Licença CC.

A canción, ao meu entender, era un perfecto expoñente do líder do conxunto, Jaime Urrutia, ao cabo, en palabras de Fernando Navarro, un mestre de estampas emocionais a medio camiño entre o desafiuzamento da esperanza rota e a supervivencia desprovista de épica. Era tamén unha aceda metáfora do propio grupo —o disco marcaba o principio da súa decadencia, segundo declararon os seus integrantes a *ABC* o 4 de novembro dese mesmo ano— e dun tempo no cal, desaparecida toda certeza, unha *nova orde mundial* pugnaba por asentarse e as xentes buscaban resposta a infinitos *porqués* e procuraban, por diferentes camiños, atopar novos guías que os conducisen na nova travesía.

O MURO DA VERGOÑA

O 17 de xullo de **1945**, Iósif Stalin, Winston Churchill —substituído días máis tarde por Clement Attlee, despois de se converter en primeiro ministro o 26 dese mesmo mes— e Harry S. Truman xuntáronse no palacio Cecilienhof, na cidade de **Postdam**, capital do estado federado de Brandeburgo, situada a escasos quilómetros de Berlín. Sobre a mesa estaba a definición do que sería a nova orde de posguerra, logo da rendición incondicional de Alemaña o mes de maio anterior.

Os mandatarios soviético, británico e norteamericano acordaron, entre outros aspectos, a devolución de todos os territorios europeos anexionados pola Alemaña nazi desde 1938, a separación de Austria, o establecemento temporal da liña Oder-Neisse entre Alemaña e Polonia á espera dunha futura conferencia de paz e o reasentamento das minorías alemás de Hungría, Checoslovaquia e Polonia dentro das novas fronteiras establecidas para Alemaña e Austria. Ademais, decidiron a división destes dous últimos países en catro zonas de ocupación, confirmando así o xa acordado na conferencia de Ialta (febreiro de 1945), reproducindo o mesmo esquema para as súas respectivas capitais, Berlín e Viena. As diferenzas entre os antano aliados non tardarían en xurdir.

En Postdam tamén se fixaron as indemnizacións que debía satisfacer Alemaña como responsable última da guerra. Segundo o acordado, as potencias ocupantes poderían dismantelar e trasladar bens de equipo nas súas respectivas zonas cos que cobrar a súa parte proporcional daquelas. Deseguida, o descontento creado polas apropiacións a gran escala realizadas polos soviéticos sumouse ao desacordo dos vencedores sobre a futura estrutura política do país. Os británicos preferían unha estrutura unitaria, máis por razóns económicas ca políticas, mentres a principal preocupación da Unión Soviética era a de consolidar a súa posición na súa área de influencia. Francia, pola súa banda, decantábase por unha federación cun goberno central débil para evitar o rexurdimento económico e militar do seu tradicional inimigo.



Soldados de Alemaña do Leste na construción do Muro.
Autor: CIA. Licenza: public domain.

A incapacidade do *Consello de Control Aliado* —o organismo encargado de xestionar a ocupación— para organizar unha administración central minimamente eficiente e o medo a un caos económico determinaron a modificación da política anglo-norteamericana, que se concretou na formación dunha bizona en xaneiro de **1947**. En maio entrou en funcionamento un *Consello Económico* de 54 membros con sede en Francfort e un ano máis tarde duplicáronse os seus membros e constituíuse unha segunda Cámara como paso previo para a organización dunha democracia parlamentaria.

En marzo de **1948** os aliados occidentais comunicaron aos soviéticos a súa intención de convocar unha Asemblea Constituínte para Alemaña Occidental, incluíndo os territorios baixo o seu control en Berlín. Con esta manobra, sabedores da oposición destes últimos a unha reunificación total do país, pretendían consolidar un poderoso «estado-tapón» que servise de freo ao expansionismo da Unión Soviética.

A creación dun único Banco estatal e a reforma monetaria, coa implantación do novo marco en xuño de 1948, provocaron a contundente reacción soviética, que o 24 dese mesmo mes ordenou o bloqueo terrestre da antiga capital do Reich. Berlín fora excluída do sistema zonal e colocada baixo unha autoridade aliada conxunta diferente, a *Kommandatura*, aínda que a efectos prácticos atopábase dividida en catro sectores, pero estes carecían da autonomía administrativa das zonas.

O reparto de influencias converteu a Berlín nun enclave dentro da zona soviética distante uns 260 quilómetros do punto máis próximo baixo control occidental, polo que a decisión soviética deixaba illada á cidade. O presidente Truman puxo en marcha unha xigantesca ponte aérea para abastecer aos dous millóns e medio de alemáns e ameazou a Unión Soviética coa guerra se esta axuda era interceptada, mentres os exércitos de ambos os dous bloques mantíñanse en estado de alerta.

Finalmente, o 12 de maio de **1949**, Stalin decidiu rematar o bloqueo terrestre. Catro días antes, logo de que en abril fusionárase a zona francesa coa bizona, o Consello Parlamentario dos territorios da Alemaña occidental promulgara a Lei Fundamental de Bonn, constitución provisional da **República Federal Alemá (RFA)**. Nas eleccións do 14 de agosto foi elixido como primeiro xefe de goberno o demócrata-cristián Konrad Adenauer, mentres a presidencia recaía en T. Heuss. O 7 de outubro de 1949 os soviéticos responderon coa proclamación da **República Democrática Alemá (RDA)** e coa elección do líder comunista W. Pieck como presidente.

En outubro de **1954** Alemaña consumou o seu ingreso na Organización do Tratado do Atlántico Norte (**OTAN**), case ao mesmo tempo que os aliados rexeitaban a proposta dos soviéticos de adherirse ao organismo como garantía do mantemento da paz. Os grupos de esquerda contrarios ao atlantismo de Adenauer e favorables a unha posición neutralista medraban día a día os seus apoios, polo medo aos desastrosos efectos que para o país tería un eventual conflito entre o Leste e o Oeste.

Aproveitando estas disensións, a Unión Soviética lanzou a súa *política de descompromiso* co obxectivo de debilitar a Alianza Atlántica e asegurar unha redución de tropas, o que reforzaba a posición da socialdemocracia alemá en favor do desarme. Porén, o goberno da Unión Demócrata Cristiá (CDU) acelerou o rearmamento e solicitou que a Bundeswehr fose dotada de armas atómicas tácticas.

En novembro de **1958** Nikita Krushev, quizais presionado polo goberno polaco, que temía a conversión da RFA nunha potencia nuclear, esixiu a conversión de Berlín nunha «cidade libre» e a retirada de todas as tropas estranxeiras. Sobre a mesa tamén estaba o problema da reunificación do país: mentres os occidentais decantábanse por un plebiscito libre de todos os alemáns —a poboación da República Federal duplicaba a da Alemaña Oriental—, os soviéticos só aceptaban unha negociación entre ámbolos Estados.

Ao ser oficialmente rexeitada a súa proposta o 18 de decembro, a Unión Soviética transferiu os seus dereitos de potencia ocupante ao goberno da República Democrática para forzar o recoñecemento internacional das potencias occidentais e anunciou a sinatura dun tratado de paz por separado con esta.

A visita do mandatario soviético aos Estados Unidos en setembro de **1959** e a prevista xuntanza a celebrar en París na primavera seguinte semellaban inaugurar un novo clima de distensión, pero na véspera do encontro un avión espía norte-americano U-2 foi abatido sobre territorio soviético. As explicacións norteamericanas e o compromiso de Eisenhower de suspender os voos mentres durase o seu mandato non foron aceptadas por Krushev, que abandonou precipitadamente a capital francesa e forzou o fracaso da conferencia.

Para moitos, esta actitude só podía explicarse polas presións dos opositores a política de distensión patrocinada polo líder ruso, en particular dos comunistas chinos, unha tese que se vería confirmada pola nova escalada de tensión que experimentan as relacións Leste-Oeste e que ten un dos seus puntos culminantes na coñecida como «terceira crise de Berlín».

A principios da **década dos sesenta**, calcúlase que unhas cincuenta mil persoas cruzaban a diario do leste ao oeste da cidade para traballar nas empresas occidentais na procura de mellores xornais.

As diferenzas de desenvolvemento entre ambas as dúas zonas facíanse cada vez máis grandes, e iso era algo que ameazaba directamente a lexitimidade da RDA e do propio prestixio da URSS. De feito, o goberno xermano oriental, presidido por Walter E. P. Ulbricht, levaba tempo alertando a Moscova dos problemas económicos que estaba a provocar a masiva saída de poboación: o país perdera daquela uns tres millóns de habitantes, preto dun 20 por cento dos seus efectivos.

Krushev temía que un endurecemento da posición de Ulbricht complicase aínda máis as súas relacións con John F. Kennedy, nuns intres en que a opinión pública internacional confiaba nos progresos da distensión entre as dúas superpotencias.

Aínda así, no cumio de Viena, celebrado a principios de xuño de **1961**, o mandatario soviético propuxo a sinatura dun tratado de paz que dese finalmente por concluída a guerra, o que implicaba a modificación do estatuto de Berlín, e ameazou con asinar a paz por separado. De concretarse o órdago, as comunicacións na cidade e a presenza de tropas norteamericanas deberían regularse por un futuro acordo coa RDA. Aínda que Kennedy non cedeu, a simple difusión da noticia xa provocou un éxodo duns dez mil homes e mulleres nos primeiros días de agosto. Antes, a principios de xullo, Ulbricht xa informara aos seus aliados do Pacto de Varsovia das súas pretensións de pechar a fronteira entre os dous sectores da cidade. Para el, o que estaba en xogo era a mesma supervivencia do país, e así o entenderon os seus homólogos, que aceptaron disciplinadamente o xa acordado co Kremlin.

Na noite do 12 ao **13 de agosto de 1961**, o goberno da República Democrática puxo en marcha a Operación Rosa, coordinada polo daquela máximo responsable de Seguridade do Comité Central do Partido Comunista Erich Honecker. Unhas dez mil persoas participaron no inicio dos traballos, que culminarían coa **construción dos 45 quilómetros do muro en só unha semana**: primeiro, sementando o seu perímetro de arame de púas; máis tarde, erguendo muros de formigón de tres metros e medio de altura.



Soldados da Alemaña Oriental na construción do Muro.
Autor: CIA. Licença: dominio público.

Malia que Adenauer esixiu a adopción de medidas de presión sobre a URSS, incluíndo o bloqueo económico, a lóxica da *guerra fría* acabou por impoñerse unha vez máis e a división non tardou en ser asumida como un feito consumado. A mellor proba foi que os aliados esixiron completas garantías para os voos cara o sector occidental, o que na práctica implicaba aceptar o novo *statu quo*. Ulbricht non tardou en anunciar que os pasos fronteirizos para os occidentais quedaban limitados a un: o famoso **Checkpoint Charlie** da Friedrichstrasse 44, unha das imaxes icónicas daquel tempo.



O famoso paso de sector americano, Checkpoint Charlie. Autor:CIA. Licenza: public domain.

Mentres, o 24 de agosto, perdía a vida a **primeira vítima** documentada do que en adiante sería coñecido como o «muro da vergoña»: Günter Liftin, un xastre que, como tantos miles, cruzaba a diario a cidade na procura de mellores salarios, o cal non sobreviviu ás balas dun policía de tráfico que o metralloou cando tentaba cruzar á outra beira do río Spree, que flúe polo medio da cidade.

A propaganda soviética non deixaría de insistir en que o *muro* só pretendía protexer á po-boación do leste dos «elementos fascistas», que conspiraban para boicotear as aspiracións populares de construír un estado socialista na Alemaña Oriental.

O 26 de xuño de **1963**, Kennedy, no cumio da súa popularidade despois de superar con éxito a *crise dos mísiles* do outono anterior, visitou Berlín. As preto de trescentas mil persoas que se congregaron para escoitalo non deixaron de notar a contradición entre a moderación amosada nas súas declaracións anteriores —e, sobre todo, nos feitos— e o ton empregado no seu discurso, que ben subscribirían Harry S. Truman e George Kennan e a súa doutrina da *contención do comunismo*. O presidente norteamericano eloxiou o valor dos berlineses e denunciou a actuación dos comunistas, mais tamén recoñeceu que as posibilidades de que a situación mellorase eran escasas.

Na Universidade Libre da antiga capital do Reich afirmou que o enfrontamento entre os bloques sería substituído pola coexistencia pacífica entre eles, polo que os gobernos occidentais debían concentrarse en promoveren a xustiza social e económica nas súas respectivas sociedades. Parafraseando ao primeiro ministro británico Harold Macmillan, que utilizara a expresión en Sudáfrica en 1960 para pedir o fin do apartheid, dixo que os *ventos de cambio* sopraban en contra dos países do *Pano de Aceiro* e tamén profetizou a reunificación de Alemaña. Non dixo para cando.



Familia separada nos primeiros días do Muro. Autor: CIA. Licenza: dominio público.

A NORMALIZACIÓN DA DIVISIÓN

A visita de Kennedy deu paso a un período de certa tranquilidade, resultado da progresiva interiorización da situación de feito por parte dos diferentes actores. A *normalización* da división permitiu asinar algúns acordos que pretendían flexibilizar as visitas entre as dúas partes da cidade, especialmente en datas sinaladas. Porén, os soviéticos seguían empeñados en facer ver que Berlín era unha unidade política única, o que na práctica equivalía a consideralo parte da RDA, e que toda posible reunificación debía facerse sobre a base da negociación entre os dous Estados alemás. Ao mesmo tempo, procuraban no posible obstaculizar o tráfico comercial coa intención de xerar descontento entre a poboación do oeste.

En outubro de **1969**, Herbert Ernst Karl Frahm, máis coñecido como Willy Brandt, o nome que adoptou durante a persecución de que foi obxecto polo réxime nazi, chegou á Chancelaría federal co apoio dos Liberais. O antigo alcalde berlinés impulsou un cambio de orientación da política exterior da RFA, a Ostpolitik, que pasaba por un achegamento aos países do bloque do Leste tanto en termos económicos como políticos.

En agosto de **1970**, asinouse en Moscova un acordo que incluía a renuncia explícita ao uso da forza e o recoñecemento da inviolabilidade das fronteiras existentes, incluída a liña Oder-Neisse, que separaba Polonia e a RDA conforme ao pactado na Conferencia de Postdam. Un ano despois, a URSS aceptou relaxar o procedemento de control de viaxeiros de Berlín Oeste á RDA e favorecer o tránsito de mercadorías. A cambio, os alemáns do Oeste renunciaban a organizar actos de carácter institucional en Berlín, un permanente foco de conflito entre as dúas partes que era visto con desconfianza polos soviéticos polo que tiña de reafirmación da soberanía en termos diplomáticos.

Algo máis de dous anos despois, o 21 de decembro de **1972**, as dúas Alemañas asinaban o *Tratado sobre as Bases da Relación*, polo que recoñecían mutuamente as súas respectivas soberanías, acordaban o intercambio de representantes permanentes e avanzaban no estreitamento dos lazos económicos e comerciais.

A *Ostpolitik* contribuíu de xeito decisivo á normalización das relacións entre as dúas Alemañas e a URSS. Porén, o problema dos cidadáns da RDA que desexaban pasar a zona occidental non deixaba de crecer a medida que as diferenzas de nivel de vida, lonxe de ir a menos, seguían ensanchando. As autoridades comunistas só aceptaban una mínima parte das demandas de saída, polo que para moitos a aposta máis segura seguía sendo procurar o amparo da embaixada da RFA nalgún dos países do Leste. Ademais, esa meirande fluidez nos intercambios de persoas e mercadorías e as crecentes facilidades no Leste para acceder aos medios de comunicación occidentais contribuíu a minar a visión ofrecida pola propaganda oficial, empeñada en agochar os evidentes avances económicos e sociais e os logros do proceso de construción europea.



Peche da fronteira entre as dúas Alemañas diante da Porta de Branderburgo, agosto de 1961. Autor: Steffen Rehm. Licenza: public domain.

Os ventos da política internacional tamén parecían soprar a favor dun meirande entendemento entre os principais actores internacionais. Durante os anos cincuenta celebráranse as primeiras conversas de desarme, pero estas resultaran un completo fracaso debido á diversidade de intereses entre as partes. Mentres os Estados Unidos e os seus aliados occidentais estaban interesados, fundamentalmente, polos problemas de control e verificación, á Unión Soviética preocupáballe máis a retirada das tropas e o desmantelamento das bases norteamericanas en Europa.

Coa resolución da *crise cubana* as superpotencias acordaron proseguir as conversacións de desarme, aínda que estas non acadarían os seus primeiros froitos ata agosto de 1963 co *Tratado de Moscova* sobre prohibición parcial das probas nucleares, que deixaba libre a atmosfera e os espazos exterior e submarino de tales ensaios. Cinco anos máis tarde asinábase o *Tratado de Non Proliferação Nuclear*, co que se pretendía evitar os riscos derivados da extensión do armamento atómico, e en maio de 1972 o *Tratado de Limitación de Armas Estratéxicas* (SALT I).

A culminación desta política de distensión produciuse coa **Conferencia de Seguridade e Cooperación Europea (CSCE) de Helsinqui (xullo de 1973-agosto de 1975)**, na que participaron todos os países europeos agás Albania, os Estados Unidos e Canadá. Dende 1954 esta fora unha das grandes prioridades da diplomacia soviética, que pretendía un recoñecemento das fronteiras de posguerra —e, por conseguinte, da súa hexemonía na Europa Oriental— e a creación dun mecanismo de seguridade colectiva que diminuíra a influencia dos Estados Unidos.

Na súa Acta Final, de 1 de agosto de 1975, facíase unha solemne declaración de salvagarda das fronteiras europeas, recollíase un acordo de cooperación en aspectos económicos, científicos e culturais, unha referencia a necesidade de reducir o armamento dos bloques e un compromiso de respecto aos dereitos humanos e ás liberdades por parte dos signatarios.

En marzo de **1985** accedeu a Secretaría Xeral do PCUS **Mikhail Gorbachov**, co que principiou unha etapa de cambios revolucionarios en cuxa raíz estaba o crecente atraso económico, social e tecnolóxico da Unión Soviética en relación aos países occidentais. O primeiro síntoma do novo clima de entendemento entre as superpotencias foi a declaración conxunta soviético-norteamericana de 22 de novembro de 1985, que puxo fin ao Cumio de Xenebra. Nesta xuntanza, Reagan e Gorbachov reafirmaron a importancia do diálogo para a resolución dos conflitos internacionais, o desexo de evitar calquera enfrontamento nuclear ou convencional e de controlar e destruír as armas químicas, a renuncia a conseguir a superioridade militar de calquera dos seus países e o desexo de chegar a acordos en materia de redución de armamentos e de intercambios bilaterais nos campos da economía, a cultura, o ensino, a ciencia e a técnica.



Muro de Berlín em 1968 do lado este. Autor. Fotografía persoal de Tamas Szabo. Licença: CC BY-SA.

Estas conversas, logo de múltiples reunións técnicas, levaron á sinatura do **Tratado de Washington** o 8 de decembro de **1987**, que representa o primeiro avance significativo na eliminación de armas nucleares de medio e curto alcance e senta as bases dunha futura redución dos mísiles intercontinentais e do control de armas químicas e convencionais.

Máis que a dimensión internacional dos acordos ou a súa importancia para o control de armamentos, interésanos agora poñer o acento nas súas consecuencias dende o punto de vista interno dos países que conformaban o bloque do Leste. A sinatura da Acta de Helsinqui foi interpretada como un paso significativo para reducir as tensións da guerra fría e, sobre todo, como un triunfo diplomático da Unión Soviética, que lograba por fin o recoñecemento da inviolabilidade das fronteiras nacionais e o respecto á súa integridade territorial e, en consecuencia, a sanción internacional das súas incorporacións territoriais tras a Segunda Guerra Mundial. Poucos confiaron daquela en que a sección dedicada aos dereitos humanos tivese algunha virtualidade, malia que, entre outras cousas, sentou as bases para o funcionamento do denominado *Grupo de Helsinqui* en Moscova, unha ONG independente creada para vixiar o cumprimento dos acordos.

Porén, a referencia ao «procedemento de Helsinqui» converteuse nunha das alusións discursivas máis socorridas tanto para Gorbachov como para o seu ministro de Asuntos Exteriores Eduard Shevardnadze. Se dende o punto de vista da política exterior soviética isto implicaba situar o mantemento da paz como premisa esencial da súa actuación no eido internacional, no que atinxía ás relacións cos seus satélites significaba renunciar a novas intervencións como as de Hungría (1956) e Checoslovaquia (1968) e mesmo Polonia (1980-1981).

Ademais, o novo espírito reformador que alentaba ao Kremlin debía traducirse na posta en marcha de políticas reformistas nestes últimos para inverter o cada vez máis evidente afastamento de amplas capas da poboación dos partidos comunistas en toda a Europa oriental.

O anuncio da progresiva retirada unilateral de efectivos militares de Alemaña Oriental, Hungría e Checoslovaquia lanzaba una inequívoca mensaxe nesta dirección. O mandatario ruso estaba firmemente convencido de que se afrouxaba a presión sobre os seus aliados, estes optarían por introducir medidas transformadoras sen cuestionar a supervivencia do modelo socialista.

Con isto, ademais dos efectos positivos que se esperaba xerar no ámbito económico como resultado da potenciación dos intercambios, se fortalecería a súa proposta dunha «Casa Común Europea», outro dos eixes centrais do seu discurso en política exterior: nunha primeira fase avanzaríase no establecemento de medidas que garantisen a seguridade colectiva e o desarme; a continuación crearíanse os mecanismos precisos para a resolución de conflitos e, finalmente, avanzaríase no terreo da cooperación económica e comercial ata sentar as bases dunha comunidade cultural harmónica dende o Atlántico ata os Urales.

Mais de portas para dentro nada parecía cambiar na RDA.



Bernauer Straße 48, como era en 1966. Esta foi a residencia de Ida Siekmann até 1961, cando se converteu na primeira vítima do Muro de Berlín. Autor: Brewer Bob. Licenza: CC BY-SA.

Co gallo do vinte e cinco aniversario da construción do *muro*, Erich Honecker defendeu ante milleiros de xermano-orientais a decisión de erixir esta barreira e a importancia de manter o cerco para garantir o desenvolvemento do socialismo.



No 25º aniversario da construción do muro defensivo antifascista Karl-Marx-Allee realizou-se un *Kampfappell*, no qual participaron unidades de grupos de combate da clase traballadora, o Exército Popular Nacional, as tropas fronteiriças da RDA e o Regimento da Guarda "Feliks Dzierzynski".

Autor: Bundesarchiv, Bild 183-1986-0813-460. Licença: CC-BY-SA 3.0

Helmut Kohl e Willy Brandt insistiron, pola súa banda, na incompatibilidade entre o respecto aos dereitos humanos e a pervivencia daquela barreira que non só condenaba á separación forzosa a milleiros de familias senón que seguía a cobrarse o seu tributo de sangue nun incesante goteo de mortos. Mais por riba dos discursos públicos, os mandatarios dunha e doutra Alemaña eran conscientes de que os tempos mudaran de forma substancial. Os intercambios comerciais medraban ano tras ano, o ritmo de concesión de permisos de saída seguía *in crescendo* —aínda que moi por baixo das solicitudes— e, sobre todo, os novos ventos que sopraban no Kremlin facían presaxiar un cambio radical no escenario internacional.

En setembro de **1987**, o ano no que se conmemoraba a fundación da capital do Reich, Honecker visitou a RFA. A histórica visita tiña un marcado carácter simbólico, e así foi destacado por todos os analistas internacionais. Pero máis aló dos acordos concretos nos planos político e económico, xerou unha fonda frustración en moitos cidadáns da Alemaña do Leste, que percibiron no achegamento entre os dous países un perigo para as súas arelas de liberdade.

Case ninguén parecía lembrar daquela as palabras de **Ronald Reagan** o 12 de xuño anterior cando, diante dunha morea de xente concentrada **fronte á porta de Brandeburgo**, esixiu a Gorbachov o derrubo do *muro*, como máis tarde faría o seu sucesor, George H. W. Bush, na súa primeira visita a Europa en maio de 1989.



O Presidente norteamericano, Ronald Reagan nun discurso diante da Porta Brandeburgo en 1987.
Autor: Reagan White House Photographs. Licenza: public domain.

Mais o novo líder soviético bastante tiña con sortear as manobras de Honecker, empeñado daquela en esgrimir os seus éxitos en materia económica e a súa posición de relativa autonomía no ámbito das relacións internacionais —sempre dentro dos límites tolerados pola URRS— como mellor aval para a defensa dunha particular vía cara o socialismo. Ao seu xuízo, a fortaleza económica, a cohesión social e o dinamismo que amosaba o Partido constituían a proba evidente de que a senda pola que había que transitar non discorría pola vía das reformas emprendidas polo mandatario soviético, senón por unha evolución gradual que permitise liberar de xeito natural as enerxías mobilizadas polo país. Non se podía estar máis cego e xordo.

O certo é que por entón a poboación xermano-oriental daba xa mostras de evidente cansazo e desmoralización, aínda que unha mestura de conformismo e aceptada resignación impedía traducir en descontento tales síntomas. Mentres o discurso das elites gobernantes seguía insistindo na necesidade de defender os avances do socialismo e os valores solidarios do marxismo-leninismo fronte á decadencia occidental, as xeracións máis mozas recibían a través das emisoras de radio e televisión unha imaxe ben distinta á transmitida polos medios oficiais. O nivel de vida da poboación descendía a medida que os recursos destinados ás políticas sociais minguaban para financiar os investimentos en sectores punta cos que se pretendía lograr un novo impulso modernizador que consolidase a posición de privilexio da RDA no bloque do Leste.

As estatísticas oficiais amosaban a imaxe dun país sen paro e sen inflación, cuns indicadores de benestar superiores aos das restantes economías socialistas, pero moi afastados da RFA. Mais a realidade era que a economía comezaba manifestar os primeiros síntomas de esgotamento dun modelo baseado máis no uso intensivo de man de obra e recursos financeiros ca no incremento da produtividade e a aplicación das novas tecnoloxías. A suba dos prezos das importacións e das materias primas como resultado da segunda crise do petróleo dispararon a débeda externa, o cal obrigou a poñer o acento nas exportacións a costa de reducir

os investimentos nas industrias de consumo. Con todo, o férreo control social establecido pola *Staatssicherheitsdienst*, a odiada «Stasi», conseguira reducir á irrelevancia os grupos disidentes e asegurar unha certa estabilidade social mediante a eficaz combinación de represión e adoutrramento, pero tamén grazas aos diferentes mecanismos de encadramento e socialización do réxime. A identificación entre o Partido e o Estado era tal que non había recuncho que escapase do seu control. O Partido Socialista Unificado de Alemaña (SED) contaba a principios dos anos oitenta cuns 2,5 millóns de militantes, case o 15% da poboación da RDA, mais o seu control político estendíase tamén ao resto dos partidos e organizacións de masas que integraban, a xeito dunha especie de «fronte popular», a Fronte Nacional de Alemaña Democrática: a Unión Cristiá Demócrata, o Partido Liberal, o Partido Demócrata Campesíño e o Partido Nacional Demócrata, os únicos catro tolerados cando menos sobre o papel.



Gardas de Alemaña do Leste vixían os traballos de construción do Muro. Autor:CIA. Licenza: public domain.

Os sindicatos superaban os 9,5 millóns de afiliados, co cal, na práctica, aglutinaban a meirande parte da forza de traballo do país e desempeñaban un papel clave á hora de garantir á súa férrea obediencia aos ditados do Partido e do Estado. Unha chea de sociedades e entidades da máis diversa índole, tamén sometidas a aquel, servían de pantalla para disciplinar á poboación co pretexto da defensa dos máis variados intereses.

As organizacións que encadraban a nenos e mozos dende a infancia ata a universidade tamén resultaban moi útiles como correas de transmisión da ideoloxía oficial, malia que a altura dos anos oitenta resultase cada vez máis difícil manter á xuventude illada da influencia e das modas occidentais.

Mesmo unha nova xeración de crentes soubo aproveitar os acordos asinados coa Igrexa en 1978, que na práctica viñan a recoñecer a influencia que esta conservaba entre moitos alemáns do Leste malia os intentos por debilitala, para atopar novos espazos de liberdade a través dos cales cuestionar o discurso oficial. A *Iniciativa para a Paz e os Dereitos Humanos*, fundada en xaneiro de **1986**, constitúe un bo exemplo desta lenta erosión do monopolio ideolóxico e político do réxime. Dende mediados da década tamén xurdiran varias iniciativas de índole pacifista e medioambiental que alcanzarían o seu apoxeo despois da catástrofe nuclear de Chernobyl en abril de 1986.

Agora, sen embargo, as reivindicacións adquiren un nido carácter político na medida en que aínda que non se cuestionaba o modelo económico e social vixente nin a reunificación alemá figuraba entre as súas demandas, si se reclamaban cambios na estrutura política e económica na liña do reformismo de Gorbachov, a liberdade de información e manifestación, a desaparición da policía política, un maior respecto cara os problemas medioambientais, etc. Isto, paradoxalmente, traducíase nun plus de deslexitimación para os gobernantes maior que o provocado polas accións dos grupos que demandaban reformas moito máis radicais, os cales podían ser desacreditados con maior facilidade pola propaganda do réxime que os que crían con sinceridade nas posibilidades de alcanzar un socialismo de raíz verdadeiramente democrática.

Desta iniciativa sairían, por exemplo, futuros dirixentes de Democracia Agora ou Novo Foro como Ralf Hirsch, Wolfgang Templin, Katia Havemann ou Bärbel Bohley, fundadora desta última plataforma de oposición xunto coa destacada feminista e pacifista Ulrike Poppe, o físico Sebastian Plugbeil e o pastor Hans-Jochen Tschiche.

A QUEDA DO MURO E A NOVA EUROPA

Considerando o exposto, a meio do ano 1989, nem sequer os mais optimistas pensavam que o *muro* pudesse ter os dias contados e a unificação dos dois Estados alemães separados pela guerra fria não demoraria a ser uma realidade.

Trinta anos depois dos factos, é relativamente fácil pôr em evidência os sintomas de esgotamento do modelo socialista na RDA ou trazer à colação as dificuldades internas pelas que passava o regime, o crescente descontentamento da população, a capacidade cada vez maior dos setores da oposição para difundir as suas propostas reformistas e a cegueira suicida da *nomenklatura* alemã oriental, empenhada em ficar impassível perante as profundas transformações que estavam a ter lugar em todo o mundo como resultado do imparável processo de globalização e que até deram lugar a mudanças substanciais na União Soviética e noutros países do bloco comunista. Mas então ninguém podia imaginar a surpreendente velocidade com que desmoronaria toda a poderosa estrutura política e institucional existente.

É difícil compreender o que ocorreu na RDA sem considerar as mudanças prévias que ocorreram na Hungria. De forma similar ao que aconteceu na Alemanha Oriental, a crise económica, a crescente tolerância com as correntes críticas ao sistema e o imobilismo político favoreceram a articulação da oposição em duas plataformas: o *Foro Democrático Húngaro*, de carácter moderado, e a *Aliança de Democratas Livres*, mais radical.

No outono de **1988**, os reformistas tomaram o controlo do Politburó e começaram um caminho reformista que dividiu profundamente o Partido entre os partidários de manter-se fiéis à ortodoxia e os de tendência social-democrata. No âmbito económico, foi abandonada a planificação imperativa e abriu-se o caminho para as privatizações de empresas e serviços. No plano político, abordou-se uma importante reforma constitucional e pôs-se termo ao monopólio do Partido Socialista Operário Húngaro.

Muito mais transcendentais para o tema em apreço foram as mudanças na política exterior, cujo facto principal foi o anúncio da abertura das fronteiras.

Em junho de **1989**, os ministros dos Negócios Estrangeiros da Áustria e da Hungria, Alois Mock e Gyula Horn, reuniram-se na localidade fronteiriça de Sopron e cortaram perante as câmaras um pedaço do arame farpado que separava os dois países. Aquele gesto foi o sinal de partida para milhares de alemães orientais, que passaram a fronteira magiar para pedir asilo na embaixada da RFA ou atravessaram o país para passar diretamente para a Áustria e daí chegar à RFA. O novo líder húngaro, Mikós Németh, e o seu ministro dos Negócios Estrangeiros reuniram-se secretamente com o chanceler Helmut Kohl a 25 de agosto e garantiram-lhe que não seria exercida qualquer repressão sobre os seus conterrâneos do outro lado da *Cortina de Ferro*. Alguns dias mais tarde, no início do mês de setembro, a fronteira ficou completamente aberta para os alemães do Leste.



As tropas fronteiriças da RDA começaram em Horst com o dismantelamento dos sistemas de segurança fronteira entre a RDA e a RFA. 1990. Atribuição: Bundesarchiv, Bild 183-1990-0103-018 / Autor: Wolfried Pätzold. Licença: CC-BY-SA 3.0.

O governo de Honecker tentou cortar o fluxo de emigrantes para a Hungria quando as embaixadas da Alemanha Federal em Praga ou Varsóvia já estavam ultrapassadas por pedidos de asilo em massa e as televisões de todo o mundo incluíam nos seus informativos entrevistas aos recém chegados a território ocidental em que referiam como era a sua vida sob o regime comunista. O dirigente alemão oriental teve de ceder perante os protestos dos grupos de oposição. No final do mês de setembro autorizou a saída de comboios carregados de homens e mulheres em direção à Hungria e Checoslováquia, a quem não deteve a ameaça da retirada dos seus direitos de cidadania nem os ataques de que foram objeto nos meios de comunicação oficiais. Mesmo assim, parecia disposto a recuperar a iniciativa aproveitando o quadragésimo aniversário da criação da RDA, em 7 de outubro de 1949. A posição que a URSS adoptasse então iria resultar transcendental no decorrer futuro dos acontecimentos.

A eventualidade dum futura reunificação xermana constituía uma ameaça evidente para a segurança da União Soviética, numa altura em que ainda era muito recente a memória histórica das duas últimas conflagrações. Não deve surpreender então que a preocupação essencial do Kremlin fosse obter garantias de controle sobre a sua capacidade militar e assegurar a inviolabilidade da fronteira germano-polaca, garantias que os Estados Unidos e os seus aliados da OTAN apressaram-se a oferecer, enquanto apresentavam uma eventual redução de forças militares e as indubitáveis vantagens que iria ter para a frágil economia soviética um reforço dos intercâmbios comerciais com a Alemanha. As boas relações pessoais de M. Gorbachov e H. Kohl contrastavam com a nula simpatia entre o líder da URSS e E. Honecker, de quem o separavam não só as naturais diferenças geracionais, mas também a forma de entender o mundo e a sua visão de futuro.

Nos atos comemorativos da fundação da RDA, celebrados entre crescentes manifestações pacíficas da oposição que testavam a paciência do regime, Gorbachov deslizou uma frase que não passou despercebida nem para os membros mais reticentes do SED: “a História castiga quem chega tarde”.

Apesar disto, a sombra do acontecido em Tiananmen durante o mês de junho desse mesmo ano, quando as autoridades chinesas enviaram os tanques e a Infantaria do Exército para dissolver os protestos dos estudantes, flutuava no ambiente. Provavelmente foi uma das várias opções que os membros do Politburó consideraram durante aquele outono. De facto, a ambiguidade de Gorbachov relativamente ao ocorrido em Pequim para não turvar a melhoria nas relações com a potência asiática pode ter feito pensar a alguns que contaria com a aquiescência soviética. Porém, a rejeição do Kremlin e a possibilidade de que uma acção repressiva violenta tivesse como resultado um banho de sangue fizeram desistir os partidários desta solução.



Muro de Berlin.

Tiananmen também ajudou, e não pouco, a acelerar a deslegitimação daqueles que pensavam que era possível avançar pela via democrática e reformista na reestruturação dos países do «socialismo real», o que contribuiria para dar um novo impulso aos setores dissidentes. Mesmo assim, os dirigentes do SED mais favoráveis à abertura tentaram jogar o seu último trunfo. Na reunião do Politburó do 17 de outubro, o presidente do Conselho de Ministros, Willi Stoph, solicitou que os seus membros se pronunciassem acerca da destituição de E. Honecker. As diferentes intervenções demonstraram até que ponto o velho líder tinha perdido a confiança dos seus colaboradores, mesmo do seu círculo mais íntimo.

Vinte e quatro horas mais tarde, o Comité Central ratificou o acordado por 216 votos contra 16 e nomeou como substituto Egon Krenz, quem imediatamente prometeu avançar pelo caminho das reformas enquanto assumia, também, os cargos de Chefe do Estado e do Conselho de Defesa. A sua longa trajetória anterior dentro do aparelho do Partido não lhe outorgava propriamente credibilidade entre os opositores, quem não demoraram a exigir a sua demissão. Naquela altura, as tradicionais protestas das segundas-feiras a exigir reformas atingiram o seu apogeu. A 4 de novembro, cerca de um milhão de berlineses de Leste e manifestantes provenientes de todos os cantos da RDA concentraram-se na velha capital prusiana para exigirem reformas reais. Três dias mais tarde, o Governo demitiu-se e o Politburó fez o mesmo no dia 8. Hans Modrow, o favorito de Gorbachov, assumiu a responsabilidade de tomar as rédeas dum país quase falido. A 9 de novembro estava anunciada uma conferência de imprensa para falar acerca dos assuntos tratados na reunião do Comité Central do SED.

